

DO 3 AO 30 DE DECEMBRO

FORO 2010

COMPOSTELA



XACOBEO
2010



Fórum Mundial
de Educación

World Education Forum
Forum Mondial de l'Éducation
Forum Mundial de Educação



*Non hai camiños para a Paz.
A Paz é o Camiño...*
[Mahatma Gandhi]

www.foro2010.org

CONGRESO INTERNACIONAL

INFORMACIÓN E
DEREITOS HUMANOS



7-8/XII/2010

CUMIO INTERNACIONAL

DEREITO HUMANO
Á PAZ



9-10/XII/2010

FME WEF

FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN TEMÁTICO
'Educación, Investigación e Cultura de Paz'

10-13/XII/2010

CONGRESO INTERNACIONAL

MEMORIA,
RECONCILIACIÓN
E CULTURA DE PAZ



14-15/XII/2010

ACTIVIDADES
CULTURAIS...

3-30/XII/2010

NACIONES UNIDAS

ALIANZA DE CIVILIZACIONES
DECENIO CULTURA DE PAZ

4-6/XII/2010

> Que é o Foro 2010?

O Foro 2010 é un gran contedor de eventos e actividades a nivel mundial que xiran ao redor da Cultura da Paz

- No 2010 coinciden diversos acontecementos moi salientábeis. Entre eles a celebración do **Ano Xacobeo Compostelán**, cita e lugar de encontro para millóns de persoas, o final da **Década da Cultura da Paz e a Non Violencia para todos os nenos e nenas do mundo**, proclamada por Nacións Unidas (2001-2010), dez anos dende a existencia dos **Obxectivos do Milenio** e o **Programa de Acción para a Alianza de Civilizacións** finalizou tamén a súa primeira andaina. Asemade, cúmprense tamén 10 anos desde que o **Foro Social Mundial**, e con el o **Foro Mundial de Educación**, naceran en Porto Alegre.

O acto inaugural do Foro 2010 celebrarase en Santiago de Compostela o día 3 DE DECEMBRO

> Como participar?

- Coa asistencia aos diferentes eventos, para os que existen formularios de inscrición na web do foro. O prazo de inscrición remata o 1 de novembro.
- Coa participación activa no Foro Mundial de Educación, presentando actividades auto-xestionadas. O prazo remata o 30 de xuño.

www.foro2010.org

> En que consistirá?

Os eventos máis salientábeis, por orde cronolóxica:

1. XUNTANZAS DE ALTO NIVEL DE NACIONS UNIDAS

Grupo de Alto Nivel de Nacións Unidas para a Alianza de Civilizacións, que preside Jorge Sampaio, coa **Comisión de Premios Nobel da Paz** e cos coordinadores do **Decenio da Cultura da Paz e a Non Violencia (2001-2010) de Nacións Unidas**.

2. CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE INFORMACIÓN E DEREITOS HUMANOS

Xorde do I Encontro Mundial de Información para o Cambio Cidadán, organizado pola Fundación Ciencias da Documentación en 2008 na Paz (Bolivia), co que se pretende pór de manifesto a importancia do dereito e **acceso á información e o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)** para a defensa e promoción dos Dereitos Humanos.

3. CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE O DEREITO HUMANO Á PAZ

O obxectivo é debater e aprobar entre os representantes da sociedade civil o **texto final dunha declaración universal do dereito humano á paz**, que será presentado ante Nacións Unidas (Consello de Dereitos Humanos), para invitar aos Estados Membros a iniciar a codificación oficial do dereito humano á paz.

Dende novembro, e durante todo decembro, en diferentes espazos expositivos de Santiago, terán lugar actividades culturais coa Cultura da Paz como centro (pintura, fotoxornalismo, cinema, banda deseñada, literatura...)

4. FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN INVESTIGACIÓN E CULTURA DE PAZ

O **Foro Mundial de Educación (FME)** é un movemento pola cidadanía planetaria e polo dereito universal á educación. Constitúese nun espazo de constante diálogo entre todos os que, no mundo globalizado, levan diante proxectos de educación popular –formal ou informal– e de **enfrentamento ao neoliberalismo**, sexa en esferas públicas, gobernamentais ou non, colectivas ou de investigación. Está enmarcado no proceso do **Foro Social Mundial**. O Foro Mundial de Educación de Santiago de Compostela terá carácter temático, de xeito que as actividades auto-xestionadas –propostas polas organizacións que desexen participar– que se desenvolverán ao seu redor xiraran en torno á “educación, a investigación e a cultura de paz”.

É a primeira vez que o Foro Mundial de Educación chega a Europa, coincidindo ademais coa celebración do 10º aniversario do Foro Social Mundial.

5. CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE MEMORIA DA GUERRA, RECONCILIACIÓN E CULTURA DE PAZ

Especialistas mundiais no estudo histórico e xurídico dos procesos de paz e reconciliación, así como as **vítimas**, analizarán en perspectiva as diferentes experiencias no referente á **superación de conflitos bélicos e ditaduras** así como ás políticas transicionais levadas a cabo desde os diferentes gobernos.